



XUNTA
DE GALICIA



Estado da Sociedade da Información en Galicia

Marzo 2010



ESTADO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN EN GALICIA

Introdución

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia, ten entre as súas funcións as de elaborar informes de evolución e facilitar datos a outros organismos competentes na materia, contribuíndo á definición estratéxica de políticas públicas.

O presente informe de situación ten como obxectivo reunir a información básica sobre o estado da Sociedade da Información en Galicia no momento actual, facilitando as análises comparativas e as aliñacións de datos con outros marcos xeográficos para cada un dos seguintes ámbitos de observación:

- Cidadanía
- Empresas
- eGoberno
- O sector empresarial das TIC
- Telecomunicacións

Situación xeral

Á hora de analizar o desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia, débese ter en conta o singular perfil demográfico e económico que presenta Galicia. O envellecemento e a dispersión poboacional, configuran unha notable desigualdade territorial do eixo atlántico con respecto ao resto de Galicia. A menor renda familiar galega respecto ao conxunto do Estado, así como a excesiva atomización empresarial son algúns dos factores que inflúen negativamente sobre o grao de uso dos servizos da Sociedade da Información, afastándonos dun escenario de converxencia.

Os indicadores da Sociedade da Información en Galicia avanza positivamente, mais o nivel de equipamento e uso das TIC entre a cidadanía e as microempresas rexistra valores inferiores á media do conxunto do Estado. Con todo, cabe salientar o alto nivel de uso da administración electrónica e o impulso que exerce o sector TIC pola súa capacidade de xeración de emprego e pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico.



CIDADANÍA


- Un 38,3% dos fogares galegos ten contratada conexión a Internet a través de banda larga, 13 puntos porcentuais por baixo da media estatal.
- Un 49,8% da poboación galega utilizou Internet nos tres últimos meses. A media estatal (59,8%) supera en 10 puntos porcentuais a media galega.
- Os internautas galegos converxen cos do conxunto do Estado nos usos avanzados da Rede (lectura de blogs, chats e mensaxería instantánea)

Equipamento TIC dos fogares galegos

Segundo os datos que ofrece o INE, correspondentes ao ano 2009, o 58,5% dos fogares galegos dispón dalgún ordenador, 7,8 puntos porcentuais por baixo da media estatal (66,3%). O ordenador de sobremesa está presente no 44% dos fogares, mentres que os portátiles atópanse no 31,6%. No último ano obsérvase nos fogares galegos un estancamento no nivel de equipamento de ordenadores de sobremesa e un crecemento de máis de 8 puntos porcentuais no de portátiles.

Un 42,3% dos fogares galegos ten contratada conexión a Internet e un 38,3% conéctase á Rede mediante banda larga, un 8,2% máis ca no ano 2008. Constátase que Galicia segue a ocupar os últimos postos no contexto autonómico xa que o 51,3% dos fogares do conxunto do Estado acceden á Internet a través de banda larga, 13 puntos porcentuais máis que a media galega. Obsérvase tamén que a contratación da banda larga en Galicia se sitúa a gran distancia da media da Unión Europea (56%). As principais formas de conexión a Internet a través de banda larga en Galicia son o ADSL (53,9% dos fogares con conexión a Internet) e o cable (30,2% dos fogares con conexión a Internet).

Figura 1. Fogares que dispoñen de conexión a Internet contratada a través de banda larga. Anos 2006 - 2009



Base: Total de fogares

Fonte: Datos Galicia: Observatorio Galego da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (anos 2007 e 2008); INE (anos 2006 e 2009). Datos España: INE. Datos UE27: Eurostat

CIDADANÍA

O equipamento tecnolóxico en sentido amplo está cada vez máis presente na sociedade galega, especialmente o relacionado coas actividades de lecer. O teléfono móbil xa está amplamente xeneralizado, superando ao teléfono fixo en máis de 9 puntos. O DVD está presente no 66,9% dos fogares e o MP3 no 42,7%, un 11,5% máis que o ano anterior.


Confírmase, unha vez máis a relevancia do hábitat na composición global das poboacións en risco de exclusión. Así, concretamente para a contratación da conexión a Internet, a porcentaxe de fogares galegos con conexión á Rede nos núcleos de poboación de 50.000 a 100.000 habitantes é do 57,7%, 2,5 puntos menos que o conxunto do Estado neste estrato. Nos núcleos de menos de 10.000 habitantes este indicador sitúase no 28,5% en Galicia fronte aos 42,3% do Estado.

Uso das TIC

O 54,3% dos galegos e galegas utilizaron o ordenador nos últimos tres meses, 8,9 puntos por baixo do valor do indicador para o conxunto do Estado (63,2%). Un 49,8% da poboación galega empregou Internet nos tres últimos meses, cun incremento do 16,6% nos dous últimos anos. Non obstante, a media estatal (59,8%) supera en 10 puntos porcentuais a media galega.

Obsérvase que se está a producir un importante incremento das compras a través de Internet. Un 13,7% da poboación galega adquiriu algún produto ou servizo nos últimos tres meses, un 3,8 puntos porcentuais máis que no ano 2008, situándose lixeiramente por baixo da media estatal (15,7%).

Figura 2. Evolución do uso das TIC en Galicia, España e Unión Europea. Ano 2009



Base: Total de persoas

Fonte: Elaboración do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia a partir de datos INE e Eurostat. Ano 2009



CIDADANÍA


Entre os aspectos positivos desta análise, cabe salientar que Galicia está a adiantar ao conxunto do Estado no grupo de idade de 16 a 24 anos en uso de ordenador e Internet, así como nas compras dos mozos/as a través da Rede. A proporción de mozos/as que usaron o ordenador nos últimos tres meses na nosa Comunidade é do 95,4% e do 93,7% para o Estado. Para o uso de Internet nos tres últimos meses, a porcentaxe é dun 94,1%, fronte ao 92,3% do conxunto do Estado. Nas compras por Internet a vantaxe dos mozos galegos (23,5%) é de 4,6 puntos.

Os servizos usados polos internautas galegos e os seus hábitos de lecer están a evolucionar coa propia Rede. Aínda que o correo electrónico (85%) e a procura de información sobre bens e servizos (77,1%) seguen a ser as aplicacións máis populares nos fogares galegos, nos últimos anos están a consolidarse outros moitos servizos: lectura e descarga de xornais ou revistas en liña (65,6%), viaxes e aloxamento (54,8%) ou descarga de software (37,0%).

Os temas relacionados coa educación e a saúde encabezan as procuras de información na Rede. Un 60,5% dos internautas galegos procura información sobre educación ou formación a través de Internet, superando a media estatal en 6,6 puntos porcentuais e un 50,9% realiza procuras relacionadas coa saúde. A banca electrónica é empregada por un terzo dos internautas galegos .

En canto aos servizos de comunicación avanzada por Internet, os galegos e galegas presentan niveis de uso moi similares aos dos internautas do resto do Estado. Un 51,6% dos internautas galegos envía mensaxes a chats, blogs, grupos de noticias ou foros de discusión en liña e uso de mensaxería instantánea fronte ao 52,1% da media estatal.

Figura 3. Servizos de comunicación, procura de información e servizos en liña. Galicia. Ano 2009



Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses

Fonte: Elaboración do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia a partir de datos INE. Ano 2009



CIDADANÍA

Rede de Centros de Modernización e Inclusión Tecnolóxica

Un dos principais instrumentos para promover a alfabetización dixital da sociedade galega e o desenvolvemento da sociedade da información é a Rede de Centros de Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT). Tanto os 60 centros da Rede de Dinamización da Sociedade da Información (RDSI) como os 56 telecentros da Rede de Telecentros de Comunicación (RTC), actualmente integrados na CeMIT, se puxeron en marcha co obxectivo de achegar as novas tecnoloxías á poboación, facilitar a inclusión dos colectivos menos favorecidos e impulsar o uso das TIC nas pemes e micropemes.

O número de usuarios da Rede de Dinamización pasou dos 4.150 a finais do ano 2007 aos 27.848 a finais do ano 2009. A Rede de Dinamización no 2009 realizou 1.997 obradoiros, 251 charlas e 10 xornadas. O número de participantes en obradoiros superou os 13.400 asistentes no ano 2009.

A evolución da actividade na Rede de Telecentros ao longo do 2009 foi notable, tanto no número de eventos, como no tempo de uso dos TC. Pasouse de 774 eventos no ano 2008 e 15.494 horas de uso a 1.427 eventos e 30.762 horas de uso ata outubro de 2009. Este incremento produciuse grazas ao programa “Comunícate”



EMPRESAS

- O 89,3% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as dispón de conexión a Internet contratada a través de banda larga.
- O 46,7% das microempresas galegas dispón de conexión a Internet, 9,2 puntos porcentuais menos que a media estatal.
- As empresas galegas de 10 e máis empregados/as superan á media estatal no uso da sinatura dixital e no emprego do sistema operativo LINUX.

O tecido empresarial galego caracterízase por unha acusada atomización, representando as microempresas un 95% do total de empresas de Galicia. No referente ao grao de desenvolvemento da Sociedade da Información nas empresas galegas, hai que salientar a existencia dunha profunda fenda entre as empresas de 10 e máis empregados/as e as micropemes, principalmente no que respecta aos seus niveis de equipamento tecnolóxico e de presenza na Rede. As empresas galegas de dez e máis empregados/as presentan un alto nivel de implantación do equipamento TIC básico, situándose en valores similares ao resto das Comunidades Autónomas. Non obstante, as microempresas galegas presentan niveis baixos de equipamento tecnolóxico e de presenza na Rede.

Indicadores relativos ás empresas de 10 e máis empregados/as

A práctica totalidade das empresas de 10 ou máis asalariados/as de Galicia dispoñen de ordenador (97,7%) e teñen contratada conexión a Internet (92,9%), segundo os datos que ofrece o INE correspondentes ao ano 2009.

O 89,3% das empresas galegas ten contratada conexión a Internet a través de banda larga. Entre as empresas galegas con conexión a Internet, a tecnoloxía máis empregada é XDSL (90,5%) mentres que un 12,7% emprega outras conexións fixas de banda larga (cable, LMDS,...), 3,5 puntos máis que o conxunto do Estado. A conexión a Internet mediante telefonía móbil é empregada por un 34,8% das empresas galegas con conexión a Internet, superando lixeiramente á media estatal (34%).

Un 80,8% das empresas galegas deste segmento dispón de rede de área local (LAN) e un terzo dispón de LAN sen fíos. Galicia está próxima á media estatal nestes indicadores sobre equipamento TIC e conexións básicas de comunicacións.

O 55,1% das empresas de 10 e máis empregados con conexión a Internet dispón de sitio/páxina web, 3,8 puntos menos que a media estatal. As principais utilidades da páxina web son a presentación da empresa (88,2% das empresas galegas con web) e o acceso a catálogos e listas de prezos (50,8%)

Un 54,8% das empresas galegas deste segmento con conexión a Internet emprega a sinatura dixital, superando en 2 puntos porcentuais a media estatal.


EMPRESAS

En canto á implantación de sistemas de negocio electrónico, un 18,1% das empresas galegas dispón de ferramentas informáticas para a planificación de recursos empresariais (ERP), unha porcentaxe próxima á media estatal (19,1%).

Un 21,3% das empresas conta con aplicacións para a xestión de información dos clientes (CRM) e un 19,2% das empresas que realizan intercambio automatizado de datos envían facturas electrónicas, experimentando un crecemento interanual do 42,2% pero aínda a 3,9 puntos da media estatal.

Os datos mostran que Galicia está a adiantar ao resto do Estado na adopción de software libre. Un 10,1% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as emprega o sistema operativo LINUX, fronte ao 8,9% da media estatal. Este indicador experimentou un crecemento interanual en Galicia do 23,2%.

Figura 4. Equipamento TIC nas empresas de 10 e máis empregados/as. Ano 2009



Base: total de empresas de 10 e máis empregados/as.

(1) Base do indicador relativo á páxina web e á sinatura dixital: empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet

(2) Base do indicador relativo ao envío de facturas electrónicas: empresas de 10 e máis empregados/as que realizan intercambio automatizado de datos

Fonte: Elaboración do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia a partir de datos INE.

No ano 2008, o 16,4% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as realizaron compras a través do comercio electrónico fronte ao 20,3% que rexistra o conxunto do Estado. As compras a través da Rede representaron o 18,7% das compras totais efectuadas polas empresas galegas deste segmento empresarial.

O 9,1% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as realizaron vendas a través do comercio electrónico, situándose en valores próximos á media de España (11,1%). As vendas a través de Internet representaron o 5,9% do total de vendas efectuadas polas empresas galegas deste segmento empresarial.

EMPRESAS


Indicadores relativos ás microempresas

No ano 2009, un 57% das microempresas galegas dispón de ordenador e o 46,7% dispoñen de conexión á Internet contratada, experimentando a conexión á Rede un crecemento do 17% no último ano fronte ao incremento do 5,5% do conxunto do Estado. Aínda que o ritmo de crecemento foi maior en Galicia que no conxunto do Estado, a diferenza coa media estatal nestes dous indicadores é de máis de 9 puntos.

Un 43% das microempresas de Galicia ten contratada conexión a Internet a través de banda larga, 9 puntos porcentuais por baixo da media estatal. O crecemento experimentado pola conexión á Rede a través de banda larga entre as microempresas galegas no último ano foi dun 25,4% fronte ao 6,5% da media estatal. O 19,5% das microempresas galegas con conexión a Internet dispoñen de páxina web fronte ao 21,9% da media estatal.

As compras a través do comercio electrónico teñen un peso moi reducido nas micropemes galegas. Só un 6,2% das empresas galegas de menos de 10 empregados/as realizaron compras a través do comercio electrónico, o que representa un 4,3% sobre o total de compras efectuadas polas empresas galegas deste segmento empresarial.

Figura 5. Equipamento TIC nas empresas de menos de 10 empregados/as. Ano 2009



Base: total de empresas de menos de 10 empregados/as.

(1) Base do indicador relativo á dispoñibilidade de páxina web: empresas de de menos de 10 empregados/as con conexión a Internet.

Fonte: Elaboración do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia a partir de datos INE. Ano 2009

eGOBERNO


- **Galicia é a terceira Comunidade Autónoma no uso da Administración electrónica, por parte da poboación, para obter información das páxinas web e a quinta en descarga de formularios oficiais.**
- **O 67,4% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as interactuou a través de Internet coas Administracións Públicas, 3,3 puntos porcentuais máis que o ano anterior.**

A entrada en vigor da Lei 11/2007 do 22 de xuño de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e o desenvolvemento da eAdministración en Galicia no marco de Plan eGoberno2013 permitirá acadar a modernización administrativa e introducir as TIC en todos os ámbitos, para deste xeito garantir os dereitos da cidadanía galega a relacionarse coa administración nun novo modelo de prestación de servizos públicos electrónicos.

Interacción da cidadanía coas AAPP a través de Internet

Galicia presenta unha posición destacada no uso da administración electrónica por parte da cidadanía. O 53,3% da poboación galega que utilizou Internet nos últimos tres meses obtivo información de páxinas web da administración, superando á media estatal en 5,6 puntos porcentuais. Un 28,8% dos internautas galegos descargou formularios oficiais (2,6 puntos máis que a media estatal) e un 15% enviou formularios cumprimentados a través de Internet (0,8 puntos por riba da media estatal). Estes datos sitúan a Galicia como a terceira Comunidade Autónoma no uso da Administración electrónica, por parte da poboación, para obter información das páxinas web e a quinta en descarga de formularios oficiais.

Figura 6. Persoas que interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet para obter información de páxinas web. Anos 2006-2009



Base: : Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses.

Fonte: Elaboración do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia a partir de datos INE. Anos 2006-2009


eGOBERNO**Interacción das empresas coas AAPP a través de Internet**

Un 67,4% das empresas de 10 e máis empregados/as de Galicia con conexión a Internet interacturaron coas Administracións Públicas a través da Rede no ano 2008, unha porcentaxe practicamente idéntica á media estatal (67,8%) e 3,3 puntos superior á do ano anterior. As empresas de 10 e máis empregados/as de Galicia ocupan o noveno posto no uso da eAdministración dentro do contexto autonómico.

Esta porcentaxe redúcese considerablemente se nos referimos ás empresas de menos de 10 empregados/as de Galicia, xa que apenas un terzo das microempresas con conexión a Internet interacturaron coas Administracións Públicas a través da Rede (32,2%)

Os usos máis frecuentes da administración electrónica por parte das empresas galegas son os relacionados coa descarga de impresos e formularios e a obtención de información. Séguenlle o envío de impresos cumprimentados e a xestión electrónica completa.

Figura 7. Interacción das empresas de 10 e máis empregados/as coas AAPP mediante Internet no ano 2008



Base: empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet

Fonte: Elaboración do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia a partir de datos INE.



Educación

O número medio de alumnos por ordenador (6,3) nos centros educativos galegos evolucionou positivamente nos últimos anos, ata acadar cifras converxentes coa media do Estado (6,1). Por outra banda, a práctica totalidade dos centros públicos de ensino de Galicia dispoñen de conexión a Internet (98,1% dos centros). A banda larga é o tipo de conexión á Rede máis empregado nos centros cun 75,7%, aínda que máis de dez puntos por baixo da media do Estado (86,5%).

Figura 8. Número medio de alumnos por ordenador nos centros educativos

	Total Centros			Total Centros Públicos			Total Centros Privados		
	2005/06	2006/07	2007/08	2005/06	2006/07	2007/08	2005/06	2006/07	2007/08
Media España	8	6,6	6,1	7	5,7	5,3	11,1	10,9	9,4
Galicia	10,5	7,9	6,3	9,9	7,9	5,5	12,9	11,3	9,7

Fonte: “Las cifras de la Educación en España. Estadísticas e indicadores. Ministerio de Educación”. Ano 2009

Sanidade

O Sistema Público de Saúde de Galicia está a apostar polo emprego das TIC como ferramenta innovadora na mellora da xestión dos centros e para ofrecer á cidadanía uns servizos de calidade. Neste sentido, IANUS é o proxecto global de informatización sanitaria da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia que fai realidade o concepto de Historia Clínica Electrónica única. O número de historias clínicas dixitais no ano 2009 situouse en 2.775.971, multiplicando por 11 o número de historias clínicas dixitais do ano 2005 (224.540). Tamén cabe resaltar o importante avance na implantación da imaxe médica dixitalizada, que funciona xa no 90% dos estudos. Ademais, a porcentaxe de prescrición da receita electrónica sobre o total acadou o 63,8%.



eGOBERNO

Xustiza

No marco do Plan de Medidas Urxentes no ámbito da Administración de Xustiza e do Plan Avanza, a Xunta de Galicia impulsou o proxecto do Rexistro Civil en Liña. O proxecto contempla a implantación do sistema de información INFOREG 4.0 nos rexistros civís e xulgados de paz de Galicia, que vai facilitar a posta en marcha dos asentos rexistrais e o almacenamento electrónico de datos. O plan de despregamento deste sistema de información estrutúrase en tres fases:

Nunha fase inicial, dixitalizáronse máis de 6.400 tomos dos 45 rexistros civís galegos. A fase I supuxo que a 31 de decembro de 2009, o 100 % dos 74 xulgados contemplados nesta fase teñan implantado INFOREG 4.0 e recibirán a formación. Na fase 2, aínda en curso, implantouse INFOREG en 147 xulgados de paz, dos 196 previstos.


O SECTOR EMPRESARIAL DAS TIC

- **O número de empresas galegas do sector TIC no ano 2009 situábase en 1.542 empresas**
- **O nivel de emprego no sector TIC situouse no ano 2009 nos 16.327 traballadores/as, o que representa o 1,59% da poboación ocupada galega**

O sector das Tecnoloxías da Información e da Comunicación está a converterse nunha das áreas produtivas claves no desenvolvemento económico e social de Galicia, pola súa condición de acelerador do cambio tecnolóxico e polo seu carácter transversal ao resto de sectores.

O número de empresas galegas do sector TIC no ano 2009 situábase en 1.542 empresas.

Figura 9. Número de empresas do sector TIC de Galicia. Anos 2006-2009



Base: Total empresas TIC: persoas físicas e xurídicas


Fonte: Elaboración do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia a partir de datos INE. Anos 2006-2009

Nota metodolóxica: No ano 2009 produciuse a adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev.2) e á versión española da mesma (CNAE 2009). Isto pode provocar desviacións na evolución do indicador

O SECTOR EMPRESARIAL DAS TIC

O sector empresarial das TIC ocupa unha posición estratéxica pola súa capacidade de xeración de emprego. O nivel de emprego no sector TIC situouse no ano 2009 nos 16.327 traballadores/as, o que representa o 1,59% da poboación ocupada galega. A evolución da ocupación neste sector mostra un continuo crecemento nos últimos anos.

Figura 10. Número de empregados/as do sector TIC de Galicia. Anos 2006-2009



Base: Total empresas TIC: persoas físicas e xurídicas

Fonte: Elaboración do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia a partir de datos IGE. Anos 2006-2009

Nota metodolóxica: No ano 2009 produciuse a adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev.2) e á versión española da mesma (CNAE 2009). Isto pode provocar desviacións na evolución do indicador

O peso deste segmento empresarial tamén se reflicte claramente na súa contribución ao impulso e desenvolvemento da I+D. No ano 2008, o 45,6% das empresas galegas do sector dispoñían de persoal con dedicación relacionada coa I+D e un 37,1% realizou proxectos de I+D+i no último ano.

Nota metodolóxica:

A adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev.2) e á versión española da mesma (CNAE 2009) provocou cambios nos datos relativos ás empresas. Para algunhas actividades a nova clasificación apenas supuxo un cambio de código e non de contido; mais noutros casos, pasan a integrarse en seccións ou divisións diferentes. Isto pode implicar que se produzan desviacións na evolución dos indicadores

TELECOMUNICACIÓNS

- **Máis de 786.000 galegos, case un 30% da poboación, actualmente non poden acceder á banda larga**
- **Un terzo dos centros sanitarios, un 25% dos centros educativos e un 10% dos xulgados de paz non teñen acceso á banda larga ou carecen dun acceso suficiente a este servizo.**
- **O 16,1% da demanda de banda larga por parte das empresas non se está a cubrir na actualidade.**

Galicia está inmersa no proceso de desenvolvemento das telecomunicacións e a Sociedade da Información onde as redes de banda larga son un impulsor da modernización que debe permitir mellorar o benestar da cidadanía e aproveitar todos os medios de dinamización económica dos seus sectores produtivos.


O actual Mapa de Infraestruturas de Telecomunicación de Galicia 2009 ofrece as seguintes conclusións relativas á situación do acceso á banda larga:

Banda larga no sector residencial

No sector residencial existen máis de 786.000 galegos que actualmente non poden acceder á banda larga, o cal representa case un 30% da poboación de Galicia.

As provincias de Lugo e Ourense son as máis castigadas, máis do 40% da poboación destes dous territorios non dispón de banda larga, mentres que para o caso de A Coruña e Pontevedra esa porcentaxe redúcese ata o 24% aproximadamente. Estes datos reflicten a falta de vertebración territorial de Galicia e a desigualdade social en materia de acceso a servizos de telecomunicacións. O seguinte gráfico mostra a poboación con posibilidade de banda larga segundo o tamaño de núcleo.

Figura 11. Poboación con posibilidade de banda larga por tamaño de núcleo



Fonte: Mapa de Infraestruturas de Telecomunicación de Galicia. Ano 2009

TELECOMUNICACIÓNS


Banda larga nos servizos públicos

Hoxe existen en Galicia 1.421 entidades de poboación nas que existe algún punto de demanda de banda larga por parte da administración pública. Destas 1.421 entidades, o 41,4% non contan coa posibilidade de acceder á banda larga.

Se profundizamos nesta análise podemos atopar datos preocupantes en ámbitos como a sanidade, a educación ou a xustiza:

- Un terzo dos centros sanitarios contan cun acceso insuficiente a este servizo ou directamente non teñen acceso ao mesmo.
- Un 25% dos centros educativos presentan largos de banda insuficientes que deben ser ampliados de cara a dar soporte ás actividades do centro e aos seus alumnos.
- No 10% dos xulgados de paz tamén existen carencias na actualidade.
- Un 53% das casas consistoriais galegas carecen dun acceso a Internet coa capacidade axeitada para a xestión administrativa e o despregue da e-administración local.
- No caso das bibliotecas públicas municipais existen carencias de acceso nun 18% do total.
- Outros servizos públicos de interese xeral nos cales se detectan carencias no acceso á Internet de banda larga son os albergues e os telecentros. En canto aos primeiros, un 48% do total de albergues amosa deficiencias de conectividade. Pola súa banda, nun 43% dos telecentros, a capacidade das conexións das que dispoñen non é suficiente para satisfacer a demanda do centro.

Figura 12. Cobertura de banda larga en servizos públicos



Fonte: Mapa de Infraestruturas de Telecomunicación de Galicia. Ano 2009



TELECOMUNICACIÓNS

Banda larga para a demanda dos servizos empresariais

Actualmente, estímase que a demanda empresarial de banda larga non cuberta ascende a un 16,1% da demanda empresarial total de Galicia, o que resulta unha barreira importante para o aproveitamento das TIC como motor para a dinamización empresarial, e do crecemento dos sectores produtivos chave.

A situación é sensiblemente peor naquelas actividades empresariais fortemente vinculadas co mundo rural.

Un 64% das explotacións gandeiras están localizadas en zonas onde non existen posibilidades de conexión de banda larga. No sector do turismo rural as carencias na conectividade afectan ao 51% das casas de turismo rural.

Na actualidade estanse a executar accións para a implantación do servizo de banda larga mediante as novas redes sen fíos nos 22 polígonos industriais que aínda sofren carencias de conectividade, limitada ou nula. No servizo de acceso a Internet, ademais están previstas actuacións noutros 11 polígonos que se atopan na mesma situación.